

## I. DISPOSICIÓN XERAIS

### XEFATURA DO ESTADO

**14689** *Lei orgánica 1/2017, do 13 de decembro, de modificación da Lei orgánica 5/1995, do 22 de maio, do tribunal do xurado, para garantir a participación das persoas con discapacidade sen exclusións.*

FELIPE VI

REI DE ESPAÑA

Saiban todos os que a viren e a entenderen que as Cortes Xerais aprobaron e eu sanciono a seguinte lei orgánica:

#### PREÁMBULO

O Estado español garante o dereito de igualdade de trato e non discriminación para todas as cidadás e cidadáns con discapacidade. O artigo 14 da Constitución española así o establece ao proclamar a igualdade ante a lei de todos os cidadáns e cidadás, aos cales, entre outros, lles recoñece, no seu artigo 23, o dereito á participación directa nos asuntos públicos e, no seu artigo 125, o dereito a participaren na Administración de xustiza mediante a institución do xurado.

O 3 de maio de 2008 entrou en vigor en España a Convención internacional sobre os dereitos das persoas con discapacidade, que recolle o dereito de igualdade, no seu artigo 5; o dereito á igualdade ante a lei, no seu artigo 12; o dereito de acceso á xustiza, incluído o axuste dos procedementos para facilitar o seu desempeño das funcións efectivas como participantes directos e indirectos, no seu artigo 13, e o dereito de participación en asuntos públicos, no seu artigo 29.

Este tratado internacional ten o propósito declarado de promover, protexer e asegurar o gozo pleno e en condicións de igualdade de todos os dereitos humanos e liberdades fundamentais para todas as persoas con discapacidade, de acordo co establecido no seu artigo 1. Para iso, garantir a participación plena e efectiva na sociedade das persoas con discapacidade convértese nun elemento esencial para cumprir cos compromisos adquiridos internacionalmente por España.

Porén, a actual Lei orgánica 5/1995, do 22 de maio, do tribunal do xurado, limita e restrinxo o dereito de participación das persoas con discapacidade e non recoñece a súa igualdade. Esta situación vulnera dereitos fundamentais recoñecidos na Constitución e incumpre o establecido na Convención internacional sobre os dereitos das persoas con discapacidade.

En coherencia co manifestado, e dado que a Convención de Nacións Unidas sobre os dereitos das persoas con discapacidade establece, entre outras obrigas para os Estados membros, a de asegurar que estas persoas teñan acceso á xustiza en igualdade de condicións que as demais, incluído o axuste dos procedementos para facilitar o seu desempeño nas funcións efectivas como participantes directos e indirectos, é o que xustifica levar a cabo esta reforma.

Os artigos 2 e 9 da Convención definen os principios de comunicación e accesibilidade das persoas con discapacidade. A aplicación destes principios no ámbito da xustiza implica a supresión daquelas barreiras que interactúan coas deficiencias das persoas impedindo a súa participación plena.

Un ámbito especialmente significativo dentro da xustiza é o que se refire á participación que garante o artigo 125 da Constitución española de 1978 na institución do xurado. A regulación deste dereito efectúouse na Lei orgánica 5/1995, do 22 de maio, do tribunal do

xurado, e algunha das súas formulacións require unha revisión á luz dos mencionados principios da Convención de Nacións Unidas.

En concreto, dentro dos requisitos para ser xurado, o artigo 8 da lei orgánica refírese no seu número 5 á ausencia de impedimento físico, psíquico ou sensorial, unha declaración cuxa ausencia de matices non dá cabida aos apoios que a sociedade debe prestar ás persoas con discapacidade para garantir a súa efectiva e plena participación na vida civil e que deben ser acollidos no dito precepto.

**Artigo único.** *Modificación da Lei orgánica 5/1995, do 22 de maio, do tribunal do xurado.*

Modifícase a Lei orgánica 5/1995, do 22 de maio, do tribunal do xurado, nos seguintes termos:

Un. O número 5 do artigo 8 queda coa seguinte redacción:

«5. Contar coa aptitude suficiente para o desempeño da función de xurado. As persoas con discapacidade non poderán ser excluídas por esta circunstancia da función de xurado. A Administración de xustiza deberalles proporcionar os apoios precisos, así como efectuar os axustes razoables, para que poidan desempeñar con normalidade esta función.»

Dous. Modifícase a redacción do número 1 do artigo 12, que queda coa seguinte redacción:

«1. Os maiores de sesenta e cinco anos e as persoas con discapacidade.»

Tres. O artigo 20 pasa a ter a seguinte redacción:

«Artigo 20. *Devolución do cuestionario.*

Dentro dos cinco días seguintes ao da recepción do cuestionario, os candidatos a xurados designados devolveranllo ao maxistrado que deba presidir o tribunal do xurado, por correo con franqueo oficial, debidamente formalizado, facendo constar, de ser o caso, aquelas circunstancias persoais asociadas a situacións de discapacidade que poidan presentar e que sexan relevantes para o exercicio regular desta función; así mesmo, achegarán as xustificacións documentais que consideren oportunas e concretarán a solicitude dos medios de apoio e axustes razoables que necesiten para desempeñar a súa función.»

Catro. Engádesse unha nova disposición adicional terceira, coa seguinte redacción:

«Disposición adicional terceira. *Provisión dos medios de apoio.*

As administracións públicas competentes proverán os medios de apoio necesarios nos tribunais de xustiza para que as persoas con discapacidade poidan exercer o seu dereito a ser xurado.»

**Disposición derradeira primeira.** *Título competencial.*

Esta lei orgánica dítase ao abeiro da competencia do Estado atribuída no artigo 149.1.5.<sup>a</sup> da Constitución.

**Disposición derradeira segunda.** *Entrada en vigor.*

A presente lei orgánica entrará en vigor aos dous meses da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Por tanto,  
Mando a todos os españois, particulares e autoridades, que cumpran e fagan cumprir esta lei orgánica.

Madrid, 13 de decembro de 2017.

FELIPE R.

O presidente do Goberno,  
MARIANO RAJOY BREY